



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PADROADO DA FUNDACIÓN ROF CODINA), PARA QUE SE ESTABLEZA UN PROTOCOLO DE RESPONSA PARA AS SOLICITUDES QUE LLES DIRIXAN OS CIDADÁNS.

Expediente: T.11.Q/377/18

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don [REDACTED] referente á existencia de silencio administrativo ante o que se consideraba unha solicitude de información tramitada o día 27 de novembro de 2017.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 27 de novembro de 2017 rexistrouse unha solicitude de información perante a Deputación na que se inquirían diversas cuestións ao respecto da polémica sobre o papel do goberno provincial no Hospital Veterinario Rof Codina. Se ben a persoa no seu escrito preséntase como particular, o seu correo electrónico o identifica ante a Deputación Provincial de Lugo e o Valedor do Pobo como integrante de [REDACTED].

Ante iso requirimos informe a esa deputación, que xa nola remitiu. Coa información aportada queda claro a existencia do silencio administrativo ante unha solicitude de información en relación ao posicionamento do xerente do Rof Codina e a valoración da redución dos servizos por parte deste hospital veterinario á protectora de animais.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente, e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A Fundación Rof Codina foi constituída en escritura pública outorgada o 19 de maio de 1994 en Lugo, ante o notario ██████████, co número 1355 do seu protocolo. Clasificada como mixta por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 29 de setembro de 1994 e declarada de interese galego por orde da mesma consellería de 20 de decembro de 1994, figurando inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1994/3. Está adscrita ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por orde de 18 marzo de 2013.

A deputación provincial forma parte do padroado desta fundación e participa nos orzamentos. Os últimos datos publicados relativos ao ano 2017 ofrecen a seguinte información na memoria da Consellería de Facenda, en relación aos ingresos de explotación do Hospital:

INGRESOS	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2019
COTA DEPUTACION LUGO	92.500	92.500	92.500

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, dereito de acceso á información pública e bo goberno, instaura unhas normas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento. O artigo 26 desta lei establece como principios xerais aos que deben adecuar a súa actividade, o trato aos cidadáns con esmerada corrección e a asunción da responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen. Esta lei indica claramente no seu preámbulo que *“só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que os afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións, poderemos falar do inicio dun proceso en que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, exigente e que demanda participación dos poderes públicos. “Cómpre por tanto incidir que un bo trato debe ir sempre acompañado dunha resposta de recepción, cando menos.*

O dereito de acceso á información pública está regulado de xeito tal que todos os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei de transparencia e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, deberán ser achegados aos cidadáns que así o solicitan. A lexislación de transparencia establece que as administracións públicas poden pedir unha concreción da información solicitada (artigo 19 Lei 19/2013, do 9 de decembro). A Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 53, igualmente di que a cidadanía ten dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ás solicitudes que se propoñan realizar. Compre polo tanto incidir na importancia de que a recepción de preguntas, que non se entenden, sexa seguido dunha petición de aclaracións por parte do órgano que a recibe, ou da súa remisión ao órgano que dispón da información aínda que sexa doutra organización.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, considera información de relevancia xurídica que debe ser publicada, todas as respostas a consultas formuladas polos particulares ou outros órganos, na medida que supoñan interpretación de dereito ou teñan efectos xurídicos (art. 7)

O silencio administrativo ante as solicitudes dos cidadáns e cidadás, é percibida por estes como indiciario do mal funcionamento das institucións públicas e as súas organizacións administrativas, que en non poucas ocasións as asimilan á existencia de corrupción. É de ter en conta, tal como di a exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, que os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. (...) A publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información, supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís. Por tanto, é unha responsabilidade de todas as administracións públicas promover a confianza da cidadanía nas súas institucións e abandonar prácticas escurantistas que sexan percibidas polos cidadáns e cidadás como contrarias aos seus dereitos.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Deputación Provincial de Lugo a seguinte RECOMENDACIÓN:

Con carácter xeral establecer un protocolo de resposta para todas as solicitudes dirixidas polos cidadáns e cidadás, e promocionar a publicidade activa para todos aqueles documentos e contidos que sexa posible.

Para o caso que nos ocupa, é necesario darlle resposta á solicitude de acceso á información ás preguntas formuladas, que consisten en indicar se o asunto foi tratado no padroado, se a deputación votou a favor ou en contra do acordo, e se este acordo era ou non necesario para preservar o patrimonio do Hospital Rof Codina.

Igualmente e como membro do padroado, poderíase estudar se é conveniente tratar no seo do mesmo, a posta a disposición pública no ámbito da transparencia do Hospital, os estatutos e as actas do padroado do Hospital Rof Codina, e realizar unha mellora na páxina de transparencia do dito hospital no que a data de 24 de maio de 2018 só se visibilizan as contas do hospital.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial, con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo